



CAPACIDADE FINANCEIRA DOS CORREDORES DE SEGUROS.

REQUISITOS PARA O SEU CUMPRIMENTO.

1.- **NORMATIVA APLICABLE**

A capacidade financeira dos corredores de seguros está recollida no artigo 157 f) do real decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a directiva da Unión Europea en materia de seguros.

Ten por obxecto protexer aos clientes fronte á incapacidade dos corredores de seguros para transferir a prima á entidade aseguradora ou para transferir a cantidade da indemnización ou o reembolso da prima ao asegurado.

O citado artigo establece, como **requisito para figurar inscrito como corredor de seguros** no Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros, que **será necesario cumprir e manter** en todo momento o seguinte:

Dispoñer dunha capacidade financeira que deberá en todo momento alcanzar o 4 por cento do total das primas anuais percibidas, sen que poida ser inferior a 19.510 euros, salvo que

*- **contractualmente se pactase de forma expresa** coas entidades aseguradoras que os importes abonados polos clientes se realizaran directamente en contas de pago de titularidade daquelas,*

ou que

- o corredor de seguros ofrezca ao tomador unha cobertura inmediata, sempre e cando a entidade aseguradora autorizase ao corredor para recibir en nome e por conta desta as primas satisfeitas polos tomadores, entregando o recibo de prima emitido pola entidade aseguradora,

e, nun e outro caso,

- que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

Dispoñer de capacidade financeira non exime da obriga de acreditar que os fondos pertencentes aos clientes son transferidos a través de contas de clientes totalmente separadas do resto dos recursos económicos do mediador nas que unicamente se xestionen os seus recursos económicos.



2.- FORMAS DE COBERTURA DA CAPACIDADE FINANCEIRA

2.a) Inexistencia de pactos expresos

A acreditación da capacidade financeira farase mediante a contratación dun seguro de caución ou dun aval emitido por unha entidade financeira que cubra o 4% da totalidade das primas intermediadas con un importe mínimo de 19.510 €. Este importe cubriría un máximo de primas percibidas de 487.750 € anuais.

2.b) Pacto expreso coas entidades aseguradoras de *que os importes abonados polos clientes se realizarán directamente en contas de pago de titularidade das mesmas.*

Nas cartas de condicións ou modificacións posteriores, deben figurar cláusulas que especifiquen que

- existe un pacto expreso mediante o cal se establece que os importes abonados polos clientes se realizarán directamente en contas de pago de titularidade das entidades aseguradoras e que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

2.c) Pacto expreso de *cobertura inmediata.*

Nas cartas de condicións ou modificacións posteriores, deben figurar cláusulas que especifiquen que

O corredor de seguros ofrece ao tomador unha cobertura inmediata porque a entidade aseguradora o autorizou a recibir, en nome e por conta desta, as primas satisfeitas polos tomadores entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora e que, as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

No caso de que se prevexa a aplicación dos dous pactos previstos nos apartados 2.b) e 2.c) anteriores, ambos deben figurar de maneira explícita nas cartas de condicións.

Marzo de 2020